

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

2637 *Real decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsa) e da súa filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsatec).*

O Real decreto 1072/2010, do 20 de agosto, modificado polo Real decreto 952/2015, do 23 de outubro, desenvolveu o réxime xurídico de Tragsa e das súas filiais.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece nos seus artigos 32 e 33 a regulación dos medios propios personificados e, na súa disposición adicional vixésimo cuarta, unha nova regulación do réxime xurídico de Tragsa e Tragsatec.

As principais novidades que introduce a lei refírense, por unha banda, á diferenciación do réxime xurídico das encargas que deberá realizar o medio propio, en función de se estas as realiza quen ten a condición de poder adxudicador ou carece dela e, por outra banda, ao sistema de compensación económica das actuacións realizadas polo medio propio que son obxecto de subcontratación, pois sinala expresamente que esta se establecerá na forma que regulamentariamente se determine, e atenderá o custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades obxecto da encarga que se subcontraten con empresarios particulares nos casos en que este custo sexa inferior ao resultante de aplicar as tarifas ás actividades subcontratadas. Do mesmo xeito, adaptouse o contido da norma á nova regulación sobre as encargas a medios propios personificados, diferenciando a aproximación á súa actividade cando a exerce por encarga ou cando a exerce mediante a licitación no mercado, dentro da porcentaxe inferior ao 20 % das súas actividades, para a execución de contraprestacións que non foron encargadas polos poderes adxudicadores que a controlan ou por outras persoas xurídicas controladas polos mesmos poderes adxudicadores [artigo 32.4.b) da lei], en que poderá participar en unións de empresarios a que se refire o artigo 69 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

Por iso cómpre adaptar o réxime xurídico de Tragsa e Tragsatec ao contido da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

Así mesmo, cumpríronse os requisitos do artigo 86, número 2, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Na elaboración deste real decreto observáronse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os principios de necesidade e eficacia debido a que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen; o principio de proporcionalidade xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir; e o principio de seguridade xurídica xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea. Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, en canto que asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, e transparencia, ao garantirse unha ampla participación na súa elaboración.

No procedemento de elaboración do presente real decreto tívose en conta o disposto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e someteuse ao procedemento de información e consulta públicas previsto no artigo 26.6 da mencionada Lei 39/2015, do 1 de outubro, e, así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla, os cabidos e consellos insulares e as deputacións forais do País Vasco, e as deputacións provinciais, así como as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Facenda, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é desenvolver o réxime xurídico, económico e administrativo da «Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P.» (Tragsa) e da súa filial «Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P.» (Tragsatec) nas súas relacións coas administracións públicas, os seus poderes adxudicadores e outras entidades pertencentes ao sector público que non teñan a condición de poder adxudicador, dentro ou fóra do territorio nacional, na súa condición de medio propio personificado e servizo técnico. O resto das actuacións empresariais de Tragsa e Tragsatec rexeranse polas normas de xeral aplicación ás sociedades mercantís, sen prexuízo da súa consideración de poder adxudicador para os efectos do previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. De acordo co establecido na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, Tragsa e Tragsatec terán a consideración de medio propio personificado e servizo técnico da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla, dos cabidos e consellos insulares, das deputacións forais do País Vasco, das deputacións provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poderes adxudicadores, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 32.2.d) 2.º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e nas letras a) e b) do número 4 do mesmo artigo.

2. As citadas administracións públicas deberán participar no capital social de Tragsa mediante a adquisición de accións cuxo alleamento será autorizado polo Ministerio de Facenda por iniciativa do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación (número 3 da disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro).

3. Así mesmo, Tragsa e Tragsatec terán a condición de medio propio personificado e servizo técnico das entidades pertencentes ao sector público que non teñan a condición de poder adxudicador e poderán recibir as súas encargas sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2017, do 8 de novembro. Será de aplicación para tales encargas o establecido no artigo 15 deste real decreto.

4. Tragsa e a súa filial Tragsatec non poderán participar nos procedementos para a adxudicación de contratos convocados polas entidades do sector público de que sexan medio propio personificado. Non obstante, cando non concorran ningún licitador poderá encargarse a estas sociedades a execución da actividade obxecto de licitación pública (número 6 da disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro).

Artigo 3. *Obxecto das encargas.*

1. As entidades sinaladas no artigo 2.1 poderán conferir encargas a Tragsa ou á súa filial Tragsatec sobre os traballos e actividades que, encontrándose dentro do marco funcional dos números 1, 4 e 5 da disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e do seu obxecto social, precisen para o exercicio das súas competencias e funcións, así como os que resulten complementarios ou accesorios, de acordo co réxime establecido neste real decreto.

2. En ningún caso se poderán realizar encargas que supoñan unha translación do exercicio de potestades públicas.

Artigo 4. *Réxime xurídico.*

1. As relacións de Tragsa e da súa filial Tragsatec coas entidades das cales son medios propios instrumentais e servizos técnicos teñen natureza instrumental e non contractual, e artículanse a través de encargos, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado. Tragsa e Tragsatec están obrigadas a realizar os traballos e as actividades que lles encarguen as entidades a que se refire o artigo 2 do presente real decreto.

2. As actuacións de urxencia ou de emerxencia que se declaren con motivo de catástrofes ou calamidades de calquera natureza que sexan encargadas pola autoridade competente serán executadas por Tragsa e pola súa filial Tragsatec con carácter, ademais de obrigatorio, prioritario.

3. Nas situacións de emerxencia, en que as administracións públicas deban actuar de maneira inmediata, poderán dispoñer ou mobilizar directamente os medios de Tragsa e da súa filial Tragsatec que se requiran, e ordenaranlles as actuacións necesarias para conseguir a máis eficaz protección das persoas, dos bens e o mantemento dos servizos, sen suxeición ao réxime administrativo ordinario de actuación previsto no artigo 10 e seguintes deste real decreto. Para este fin, os ditos medios integraranse nos dispositivos existentes de prevención de riscos, e incorporaranse aos seus plans de actuación asumindo os protocolos de aplicación.

4. Sen prexuízo do disposto no presente artigo e das competencias especificamente atribuídas a outros órganos da Administración xeral do Estado e ás súas entidades dependentes, as funcións tutelares con respecto a Tragsa e á súa filial Tragsatec exerceraas o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 5. *Medio propio personificado e servizo técnico nas relacións de cooperación entre administracións públicas ou entidades do sector público.*

1. Tragsa e a súa filial Tragsatec, en virtude da súa condición de medios propios personificados e servizos técnicos, poderán ser achegadas polas administracións públicas nas súas relacións de cooperación con outras administracións ou entidades do sector público.

2. Esta relación de cooperación instrumentarase a través dun convenio entre as entidades participantes que especificará o interese público común que xustifique a subscrición do convenio, as actuacións que se deberán desenvolver e a achega de cada unha das partes.

3. As administracións públicas comunicarán a Tragsa e á súa filial Tragsatec a subscrición destes convenios e encargaranlles as actuacións necesarias para executar o disposto neles.

Artigo 6. *Réxime económico.*

1. Tragsa e a súa filial Tragsatec percibirán pola realización das obras, traballos, asistencias técnicas, consultorías, subministracións e prestación de servizos que lles encarguen as entidades a que se refire o artigo 2 do presente real decreto as seguintes compensacións:

a) O importe do orzamento elaborado de acordo co procedemento que se sinala nos números 2, 3, 4 e 5 do presente artigo, no caso das unidades ou dos seus compoñentes directamente executados por Tragsa e Tragsatec, o que servirá de xustificante do importe dos custos reais totais da actuación de que se trate, e non será necesario achegar ningún outro.

b) O importe satisfeito por Tragsa e Tragsatec, axustado nos termos que se sinalan no artigo 14.4 e 14.5 do presente real decreto, no caso das unidades ou das súas partes executadas por empresarios particulares mediante subcontratación.

2. O orzamento de execución material das actuacións encargadas a Tragsa ou á súa filial Tragsatec será o agregado das seguintes magnitudes:

a) O importe que representen os custos directos totais calculados mediante a aplicación ás unidades de execución das respectivas tarifas fixadas conforme o artigo seguinte, excluídos os custos indirectos e os gastos xerais.

b) O importe resultante de aplicar sucesivamente aos custos directos totais a porcentaxe que representen os custos indirectos e os gastos xerais.

3. O orzamento de execución pola Administración será o resultado de incrementar o orzamento de execución material pola aplicación da porcentaxe que represente o IVE ou equivalente, así como as taxas e os impostos que a sociedade estiver obrigada a satisfacer pola dita actuación.

4. Cando determinadas unidades non teñan aprobada unha tarifa fixada conforme o artigo seguinte, o seu custo poderá valorarse a partir do correspondente ao dos elementos que integren outras unidades con tarifa aprobada e que tamén formen parte da unidade de que se trate. No caso de que tampouco se puidese aplicar o procedemento descrito anteriormente, o seu custo será o que figure no orzamento aprobado pola Administración. Os custos así determinados serán válidos soamente para a actuación concreta a que se refira a encarga, en concepto de prezos de usuario.

5. En todos os casos, cando o obxecto da encarga, a teor do que se establece na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, sexa considerado prestación de servizos e, en consecuencia, este imposto ou o seu equivalente non resulten deducibles, os prezos simples das tarifas incrementaranse cos coeficientes para a actualización dos ditos prezos que estean vixentes na formalización da encarga, aprobados mediante acordo da Comisión para a Determinación de Tarifas. Estes coeficientes tamén serán de aplicación ás unidades valoradas mediante prezos de usuario específicos por non dispoñer de tarifa aprobada.

Artigo 7. *Tarifas.*

1. As tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais totais, tanto directos como indirectos, e gastos xerais.

2. A aprobación de novas tarifas ou a modificación das existentes requirirá, en primeira votación, o voto favorable da maioría dos membros da comisión que representen a maioría do capital social de Tragsa. Na falta de acordo, realizarase unha segunda votación dentro dos dez días naturais seguintes. Neste suposto para a aprobación ou a modificación das tarifas bastará o voto favorable dos membros da comisión que representen as dúas terceiras partes do capital social da empresa.

3. A resolución pola que se aproben as tarifas publicarase no «Boletín Oficial del Estado» o Ministerio de Facenda, por proposta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

4. As novas tarifas e as que se modificasen aplicaranse ás novas encargas que se confiran a partir da data de entrada en vigor da resolución pola que se aproben ou da data que nela se estableza, pero non ás anualidades sucesivas das actuacións en curso, salvo que deriven exclusivamente dun cambio normativo que modifique os custos reais de realización das encargas, caso en que se aplicará, desde a data de entrada en vigor do citado cambio normativo, ás encargas en curso na dita data.

5. A resolución pola que se aproben as tarifas establecerá o seu período de validez e o sistema de actualización que, de ser o caso, proceda durante o período da súa vixencia, de conformidade en todo caso co disposto na Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, e na súa normativa de desenvolvemento. Na falta de aprobación das novas tarifas ou da modificación das existentes, o réxime tarifario vixente entenderase prorrogado ata a data que se estableza na resolución de aprobación de novas tarifas.

Artigo 8. *Comisión para a Determinación de Tarifas de Tragsa.*

1. Os traballos de elaboración de novas tarifas, de modificación das existentes e de determinación dos procedementos, mecanismos ou fórmulas que, segundo a natureza dos traballos, deban aplicarse para a súa revisión, así como a súa aprobación, levaraos a cabo unha comisión adscrita ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e integrada por representantes do Estado, das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla, dos cabidos e consellos insulares, das deputacións forais do País Vasco e das deputacións provinciais, que recibirá a denominación de Comisión para a Determinación de Tarifas de Tragsa.

2. A Comisión estará constituída polo titular da Subsecretaría de Agricultura, Pesca e Alimentación, un representante da Sociedad Estatal de Participaciones Industriales (SEPI), a Presidencia do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), o titular da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, un representante da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, os titulares de dúas direccións xerais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, un representante do Ministerio para a Transición Ecolóxica, un representante de cada unha das comunidades autónomas, de cada unha das cidades de Ceuta e Melilla, de cada un dos cabidos e consellos insulares, de cada unha das deputacións forais do País Vasco e de cada unha das deputacións provinciais. Os representantes serán designados por cada un dos órganos e entidades representados de conformidade coa súa propia normativa.

3. A persoa titular da Subsecretaría de Agricultura, Pesca e Alimentación desempeñará o cargo de presidente.

4. A Comisión designará un vicepresidente de entre os seus membros.

5. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario con categoría de subdirector xeral designado polo presidente da Comisión.

Artigo 9. *Réxime de funcionamento da Comisión para a Determinación de Tarifas de Tragsa.*

1. A Comisión aprobará un regulamento interno de funcionamento e poderá crear subcomisións para a análise e preparación do réxime tarifario.

2. O funcionamento da Comisión non supoñerá incremento ningún do gasto público e será atendida cos medios materiais e humanos xa existentes en cada unha das administracións participantes.

3. A Comisión rexerese, en todo o non previsto neste real decreto, polo disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 10. *Preparación e formalización da encarga.*

1. As actuacións obrigatorias que lles encarguen a Tragsa ou á súa filial Tragsatec os poderes adjudicadores estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias, pregos ou outros documentos técnicos e valoradas no seu correspondente orzamento, conforme o seu sistema de elaboración a que se refiren os números 2, 3, 4 e 5 do artigo 6 deste real decreto.

2. Con carácter previo á formalización da encarga e á súa comunicación a Tragsa ou Tragsatec, o poder adjudicador deberá ter aprobados os documentos a que se refire o número 1 deste artigo e realizados os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto.

3. A encarga deberá ser obxecto de formalización nun documento que se publicará na plataforma de contratación correspondente nos supostos previstos do artigo 63.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro. O documento de formalización establecerá o seu prazo de duración.

4. Ningún poder adjudicador poderá exixir a Tragsa e Tragsatec iniciar a execución de ningunha actuación material sen encarga formal por parte do órgano competente para realizar a encarga.

5. A encarga de cada actuación obrigatoria comunicaraa formalmente o poder adxudicador da encarga a Tragsa ou á súa filial Tragsatec, e achegará o documento de formalización a que se refire o número 3 deste artigo, así como a memoria, pregos, proxecto e orzamento de execución para a Administración, todos eles asinados polo órgano competente e, logo de autorización cando proceda, dos órganos que se establezan na normativa vixente, e a xustificación da publicación do documento de formalización na plataforma de contratación que corresponda por razón da entidade que confira a encarga.

6. Nas encargas cuxo obxecto poida ser financiado total ou parcialmente por fondos europeos ou calquera instrumento financeiro da Unión Europea, a documentación de formalización da encarga deberá especificar a desagregación que o poder adxudicador require á Sociedade, de modo que, tanto nas certificacións de execución que emitan os directores dos traballos como nas facturas e nos documentos xustificativos que expida o medio propio, exista a desagregación suficiente que permita identificar os custos elixibles acorde coa lexislación nacional e comunitaria de aplicación.

7. Na referida documentación deberá figurar, entre outros, a denominación da encarga, o seu obxecto, o prazo de execución, as anualidades orzamentarias cos seus correspondentes importes, os períodos de certificación ou, se for o caso, recepción que procedan e o cargo da persoa designada polo poder adxudicador que confire a encarga como director dos traballos.

8. A comunicación efectuada polo poder adxudicador en que se encarga unha actuación a algunha das sociedades do grupo supoñerá a orde para iniciala.

Artigo 11. *Execución e aboamento da encarga.*

1. Tragsa e a súa filial Tragsatec realizarán as súas actuacións conforme os documentos a que se refiren o artigo 10 números 3 e 5 deste real decreto e as instrucións do director dos traballos designado para cada encarga polo poder adxudicador.

2. Mensualmente ou, se for o caso, coa periodicidade establecida na documentación da encarga, expedirase a certificación ou realizarase o correspondente acto formal e positivo de recepción ou conformidade das unidades executadas, con expresión das realizadas desde o seu comezo e a súa correspondente valoración realizada de acordo co sistema que corresponda establecido no artigo 6.1 deste real decreto.

3. A constatación do cumprimento da encarga e, cando proceda, a recepción da prestación realizaranse de acordo co establecido no artigo 210 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

4. O importe dos traballos realizados incluídos en cada certificación ou recepción aboara o poder adxudicador que confira a encarga no prazo dos trinta días seguintes á data da aprobación da certificación ou recepción que acredite a realización total ou parcial da actuación de que se trate, sen prexuízo do disposto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

5. Finalizada a actuación, realizarase a súa comprobación e, cando proceda, a súa recepción nos termos legalmente establecidos, expedirase o documento correspondente e realizarase a súa liquidación no prazo dos tres meses seguintes.

6. Nas encargas cuxo obxecto sexa a execución de obras, liquidaranse a Tragsa os excesos de obra executada sen necesidade de que se tramitase unha modificación da encarga cando as variacións consistan no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do orzamento contido na formalización da encarga, imposto sobre o valor engadido ou equivalente excluído. No caso de que se producisen estas variacións, recolleranse e aboaranse na certificación final, con cargo a unha retención adicional de crédito do 10 por cento do citado orzamento, imposto sobre o valor engadido ou equivalente excluído. Esta retención efectuarase con carácter previo á formalización da encarga e aplicarase ao exercicio en que finalice o prazo fixado na documentación de formalización da encarga para a terminación da obra ou ao seguinte, segundo o momento en que se prevexa realizar o pagamento da certificación final.

7. Tragsa e a súa filial Tragsatec poderán percibir anticipos polas operacións preparatorias realizadas para a execución das encargas ata un límite máximo do 10 por cento do orzamento da encarga de acordo co artigo 21 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou ata o límite máximo que resulte de aplicación da normativa orzamentaria do poder adxudicador que confira a encarga.

Artigo 12. *Encargas no exterior.*

1. Para realizar actuacións de apoio e servizo institucional á cooperación española no ámbito internacional a que se refire o número 5 da disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, a Administración poderá autorizar a Tragsa ou a súa filial Tragsatec que colabore con organismos internacionais de desenvolvemento, de acordo cos mecanismos de actuación exixidos por estes.

2. A Comisión para a Determinación de Tarifas establecerá o réxime económico aplicable ás actuacións de Tragsa e á súa filial Tragsatec realizadas no exterior, a que se refire a disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, asegurándose a extrapolación ás ditas actuacións dos principios xerais de sustentabilidade económica e de non enriquecemento inxusto.

Artigo 13. *Encargas de construción ou explotación de infraestruturas con participación no financiamento.*

1. Cando as administracións públicas encarguen a Tragsa ou á súa filial Tragsatec a construción ou a explotación de infraestruturas a que se refire o punto 4 f) da disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, poderán encomendar a participación das citadas sociedades no financiamento das ditas actuacións, nos termos especificamente previstos para este fin nos respectivos orzamentos anuais de Tragsa e da súa filial Tragsatec. O saldo vivo da débeda total das cantidades financiadas sen incluír xuros non poderá superar en ningún caso o importe do patrimonio neto consolidado do grupo Tragsa, que se deberá acreditar en cada operación de financiamento.

2. Nestes casos, na documentación de formalización da encarga deberase determinar o importe que se vaia financiar, o prazo de amortización e a cantidade anual que satisfará a Administración, que comprenderá a parte do principal que se deberá amortizar e os xuros calculados aos tipos que apliquen as entidades financeiras a Tragsa e á súa filial Tragsatec.

3. O expediente da encarga incluírá unha memoria económica en que se detallarán os termos do financiamento e as circunstancias consideradas para a súa determinación.

Artigo 14. *Subcontratación con terceiros.*

1. Na execución das encargas que realicen os poderes adxudicadores, Tragsa e a súa filial Tragsatec poderán subcontratar con terceiros nos termos do artigo 32.7 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, sen que o importe dos ditos subcontratos poida ser superior ao 50 por cento do importe total da encarga, salvo que a encarga se basee en razóns de seguridade, na natureza da prestación que requira un maior control na súa execución ou en razóns de urxencia que demanden unha maior celeridade na súa execución, nos termos legalmente previstos.

2. En ningún caso se considerarán subcontratos as relacións recíprocas entre Tragsa e as súas sociedades filiais ou participadas.

3. No caso das unidades ou parte destas que sexan obxecto de subcontratación, o orzamento base de licitación máximo, impostos indirectos excluídos, será o importe que representen os custos directos das tarifas, sen a aplicación do coeficiente para a actualización dos prezos simples, cando se trate de encargas non suxeitas a IVE ou impostos equivalentes.

4. O importe aprobado no orzamento das unidades ou partes destas que sexan obxecto de subcontratación substituirase nas certificacións, segundo proceda, por un dos seguintes:

a) O prezo de adxudicación, impostos indirectos excluídos, ou o que resulte como consecuencia de modificacións do subcontrato, cando se trate de encargas suxeitas ao IVE ou imposto equivalente.

b) O prezo de adxudicación, impostos indirectos excluídos, ou o que resulte como consecuencia de modificacións do subcontrato, incrementado no coeficiente para a actualización dos prezos simples, cando se trate das encargas a que se refire o artigo 6.5 deste real decreto en que o IVE ou o seu equivalente non resulten deducibles.

5. Do mesmo xeito que nos importes correspondentes ás unidades ou partes destas executadas directamente por Tragsa ou pola súa filial Tragsatec, aos importes a que se refiren as letras a) e b) do número anterior aplicaráselles as porcentaxes que representen os custos indirectos e os gastos xerais.

6. As modificacións do obxecto da encarga previstas na documentación de formalización que afecten unidades ou compoñentes daquela que subcontraten con terceiros deberán incluírse no prego de licitación do subcontrato. A previsión no prego do subcontrato de calquera outra modificación deberá autorizala previamente a entidade que confira a encarga.

7. No suposto de que a licitación quedase deserta, o medio propio notificarao ao poder adxudicador con informe sobre as causas que motivaron esta situación, para os efectos oportunos.

Artigo 15. Réxime de encargas que realicen as entidades pertencentes ao sector público que non teñan a condición de poder adxudicador.

1. As actuacións que lles encarguen a Tragsa ou á súa filial Tragsatec as entidades pertencentes ao sector público que non teñan a condición de poder adxudicador estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias, pregos ou outros documentos técnicos e valoradas no seu correspondente orzamento, conforme o seu sistema de elaboración a que se refiren os números 2, 3, 4 e 5 do artigo 6 deste real decreto.

2. A formalización da encarga e a súa comunicación realizaranse de acordo co establecido nos números 3 e 5 do artigo 10 deste real decreto.

3. Será, así mesmo, de aplicación a este tipo de encargas o establecido nos artigos 11 e 14 deste real decreto.

Artigo 16. Decisións relevantes.

A Xunta Xeral coñecerá dos obxectivos e das decisións máis relevantes que afecten a sociedade, de acordo coa lexislación aplicable ás empresas públicas.

En todo caso, serán consideradas decisións relevantes cantas sexan necesarias para garantir o control conxunto de Tragsa e Tragsatec como medio propio de todos os accionistas.

Disposición transitoria única. Pervivencia dos actos, encomendas de xestión, convenios e contratos relativos a Tragsa e a Tragsatec.

Todos os actos, encomendas de xestión, convenios e contratos relativos a Tragsa e á súa filial Tragsatec que se subscribiron con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto manterán a súa vixencia e seguirán producindo os seus efectos propios.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o Real decreto 1072/2010, do 20 de agosto, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, Sociedad Anónima, e das súas filiais.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO